

OBXECTIVOS:

Nas últimas décadas o terrorismo global converteuse nun de los principais temores da sociedade internacional, a través da ameaza yihadista. Este fenómeno é un dos máis difíciles de conter, debido á súa rápida proliferación ao longo do planeta, sen atender a fronteiras de calquera natureza. Os obxectivos do curso céntranse en dotar ao alumnado de coñecementos, ferramentas e aptitudes cos que entender mellor as circunstancias que engloban a temática obxecto de estudo.

METODOLOXÍA:

Clase expositiva e participativa, coa exemplificación de casos prácticos.

DOCENTES:

Ana del Valle Couto. Licenciada en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e en Criminoloxía na Universitat de Barcelona. É directora de Ticket2Europe. Xestión de proxectos europeos en materia de xuventude e cooperación. Pontevedra. Profesora na Universidade Nacional a Distancia (Galicia). Docencia en Dereito e en cursos de extensión universitaria no ámbito da Criminoloxía.

Francisco Duque Colino. Psicólogo Especialista en Psicoloxía Clínica. Exerce no Hospital General Universitario Gregorio Marañón como experto en intervención en crise, leva a cabo as súas tarefas na Sección de Interconsulta Hospitalaria, especialmente en trauma agudo e vítimas de feitos violentos. É titor de Psicólogos e Psicólogos Internos Residentes.

Javier Martin Peña. European PhD (Tesis doutoral con Mención Europea, por compendio de publicacións) en Psicoloxía Social. Dpto. de Psicoloxía Social. Universitat de Barcelona.

Profesor contratado doutor na Facultade de Ciencias Sociais e Traballo. Dpto. de Psicoloxía e Socioloxía. Área de Psicoloxía Social. Universidad de Zaragoza. Dpto. de Psicoloxía Social na Facultade de Psicoloxía e na Facultade de Dereito. Universitat de Barcelona.

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

CURSO TERRORISMO E CRISE: ANÁLISE DESDE UNHA PERSPECTIVA PSICOLÓXICA E XURÍDICA

Docentes:
Ana del Valle Couto
Francisco Duque Colino
Javier Martín Peña

Organiza:
Sección de Psicoloxía Xurídica do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Coordinadora:
María Filomena Garrido Blanco

- **DURACIÓN:**
25 horas.
 - **DATAS:**
10 e 11 de novembro e 16 de decembro de 2017.
 - **LUGAR:**
Facultade de Psicoloxía da USC – Campus Vida.
Rúa Xosé M^a Suárez Núñez, s/n. | 15782 Santiago de Compostela.
 - **Nº DE PRAZAS:**
50.
 - **HORARIO:**
Venres, 10 de novembro: De 16:00 a 21:00 horas.
Sábados 11 de novembro e 16 de decembro: De 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas.
 - **PREZOS:**
- | | |
|---|----------|
| Psicólogas e psicólogos colexiados: | 90,00 € |
| Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego*: | 45,00 € |
| Estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía, de Máster en Psicoloxía ou de Doutoramento en Psicoloxía: | 45,00 € |
| Psicólogos e psicólogas non colexiadas: | 180,00 € |

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiados e colexiadas desempregadas.

Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

- **INSCRICIÓN:**
Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.
Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados. Para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.
O curso terá un mínimo de asistentes, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.
Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.
Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das horas.
Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.
Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola

persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.
Último día de inscrición: **5 de novembro de 2017**.

PROGRAMA:

Venres, 10 de novembro:

De 16:00 a 21:00 h.

Bloque I - Introducción. Ana del Valle Couto.

1. Conceptualización do terrorismo.
2. Contexto do nacemento do terrorismo yihadista.
3. Obxectivos político-relixiosos.
4. Economía e financiación do terrorismo.
5. Perfil, radicalización e motivación terrorista.

Sábado, 11 de novembro:

De 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 21:00 h.

Bloque II - Víctimas de Terrorismo. Francisco Duque Colino.

1. Da experiencia ao suceso traumático.
2. Cambio como factor de estrés.
3. Impacto psicolóxico do suceso traumático.
4. atentados terroristas
5. Vulnerabilidade e resistencia.
6. Víctimas ou persoas afectadas.
7. Avaliación do estrés postraumático.

Sábado, 16 de decembro:

De 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 21:00 h.

BLOQUE III - Componentes da violencia terrorista: Análise psicosocial e criminolóxica. Javier Martin Peña.

1. Introducción e evolución da violencia terrorista (estratexias de agresión, selección de obxectivo, etc.).
2. Análise e comparativa de estudos empíricos e casos doutras tipoloxías de terrorismo.
3. Captación e reclutamento: Estratexias e contextos de manipulación psicolóxica.
4. O terrorismo como “guerra psicolóxica”: Os efectos psicolóxicos e sociais.
5. Discursos e narrativas de lexitimación.
6. Marcos e ferramentas de análise.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN CURSO TERRORISMO E CRISE: ANÁLISE DESDE UNHA PERSPECTIVA PSICOLÓXICA E XURÍDICA

NOME E APELIDOS

TFNO. E-MAIL

Nº DE COLEXIADO/A

ENDERZO

CIDADE E C.P.

PROFESIÓN

CENTRO DE TRABAJO

DNI/NIF

Solicita factura (achegar os datos fiscais)

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de “Actividades e servizos para os/as colexiados/as” no que se incluírán os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos afíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio.
No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadró.
Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a copgalicia@copgalicia.gal.